

MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA EXPRESAR O
REXEITAMENTO AO FALLO DA SENTENZA XUDICIAL AO GRUPO
DE VIOLADORES “A MANADA”

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A noite do 7 de xullo do 2016, durante a celebración dos San Fermín en Pamplona, cinco homes (pertencentes ao grupo auto-proclamados como “La Manada”) violaron e vexaron a unha moza de 18 anos, furtando posteriormente o seu móbil para evitar que pedise axuda e deixándoa tirada nun portal.

A pesar de que os feitos parecían claros e a pesares da enorme alarma social xerada a sentenza desestima a petición, tanto da fiscalía como da acusación particular, de condena por agresión sexual.

A condena redúcese así de 25 a 9 anos de cárcere. Tamén resultan absolutos do delito de atentado contra a intimidade.

Dende Somos Cambados entendemos que se trata dunha sentenza a todas luces lamentable para as mulleres e que mostra unha vez máis a desigualdade e a desprotección á que se ven sometidas na súa vida, unha sentenza que fica moi lonxe do que nos entendemos por xustiza ante os feitos coñecidos.

Vemos con grande preocupación a mensaxe que se transmite ás mulleres e á cidadanía en xeral con esta sentenza:

En primeiro lugar, non podemos entender como pode non existir violencia nin intimidación cando unha muller é atacada contra a súa vontade por 5 homes que a penetran sen o seu consentimento e sen poder defenderse durante 18 minutos?

Por outra banda, é bastante incompreensible que os absolvan dun delito contra a intimidade cando gravaron e difundiron vídeos dos feitos. Xa que un dos xuíces emitise un voto particular pedindo a absolución dos 5 integrantes da “Manada” está fora de toda lóxica.

Insístese en que as mulleres denunciem calquera tipo de violencia, pero a realidade é que cando o fan vense soas.

Por todo isto, desde Somos Cambados entendemos que ningunha agresión debe quedar sen resposta, porque neste caso a resposta non está á altura da xustiza e cremos afonda unha vez máis na desprotección das mulleres por parte do Estado. Porque se nos tocan a unha tócanos a todas e a manada somos todas. Por todo isto, Somos Cambados insta ao Pleno do Concello a que asuma os seguintes **ACORDOS**

PRIMEIRO.- Manifestar o rexeitamento do Pleno do concello de Cambados á sentenza e á interpretación legal realizada polos maxistrados da Audiencia de Navarra, entendendo que si existiu intimidación e, polo tanto, unha violación que debe ser considerada agresión sexual, e non abuso, tal e como se establece nos artigos 178 e seguintes do Código Penal.

SEGUNDO.- Denunciar o feito de que as mulleres sigan sendo dobremente vítimas: por parte dos agresores e por parte da sociedade e da xustiza cun machismo estrutural tremendamente enraizado.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno e ás Cortes a levar a cabo as políticas e iniciativas legislativas precisas e se incrementen os recursos para defender os dereitos que as mulleres están a reclamar activamente.

Cambados, 30 de Abril de 2018. Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Somos Cambados.